

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DA FUNDACIÓN ROF CODINA M.P., POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO DE SELECCIÓN, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL VETERINARIO NO HVU-RC, MEDIANTE CONTRATO LABORAL EN FORMACIÓN PARA A OBTENCIÓN DA PRÁCTICA PROFESIONAL.

De conformidade co acordo do Padroado da Fundación Rof Codina M.P., de 29/09/2022, de outorgamento de poderes ao xerente da mesma, convócase mediante esta resolución o proceso de selección mediante concurso de méritos para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades que figuran no anexo desta Resolución da Xerencia, de acordo coas seguintes **bases**:

BASES DA CONVOCATORIA

1. NORMAS XERAIS

Este proceso de selección réxese polo disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, polo disposto no Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e, supletoriamente, polo disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPACAP) e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRXSP).

2.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal para prazas de veterinarios/as en formación no Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (en diante, HVU-RC).

A forma de provisión será a de concurso de méritos, a través da valoración dos criterios de baremación establecidos para cada praza e que figuran no Anexo.

3.-REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para seren admitidas as persoas aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos no anexo desta convocatoria, deberán posuír no día de sinatura do contrato os seguintes requisitos de carácter xeral, e mantelos ata a data de finalización do contrato:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra de conformidade co artigo 52 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que permita o acceso ao emprego público.
- b) Estar en posesión da titulación e demais requisitos esixidos na convocatoria no momento da sinatura do contrato.
- c) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin



estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.

d) No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

e) Ter cumpridos os dezaseis anos.

f) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

4.-PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na web da Fundación Rof Codina: www.rofcodina.org
A documentación complementaria presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. O **prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria.

5.-DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación que se indica, que deberá ser presentada a través de vía telemática:

5.1.- Documento en formato PDF do currículo vitae, destacando os méritos que se establecen como criterios de valoración e que figuran, para cada praza en concreto, no anexo da convocatoria. **Debe achegarse copia dos certificados e títulos xustificativos dos méritos alegados no currículo, incluída a experiencia laboral.** Non se computarán os méritos non xustificados.

5.2.- Declaración responsable na que a persoa interesada manifesta baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos e que pode acreditarlos na data fin de presentación de solicitudes.

5.3.- Copia da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos para as prazas nas que se valore o expediente académico nos méritos.

A Fundación poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais xustificativos dos méritos e requisitos.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato ou información na declaración así como a non presentación da documentación cando lle sexa requirida,

determinará a exclusión do proceso de selección e/ou a non formalización do contrato de traballo, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que dea lugar.

6.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o xerente da Fundación Rof Codina ditará resolución no prazo dos **2 días hábiles** seguintes ao remate do prazo de solicitudes, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que se poderá consultar na web da Fundación, con indicación neste último caso da causa/s de exclusión.

As persoas aspirantes excluídas, disporán dun prazo de **dous días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder **emendar** os defectos ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.

A emenda farase **UNICAMENTE** a través de vía electrónica.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídas na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Esta listaxe, cuxa publicación farase efectiva no prazo de **2 días hábiles** a contar dende o remate de prazo de solicitudes para presentar emendas, publicárase na web da Fundación.

Contra a exclusión definitiva poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante a Xerencia, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso administrativo de Lugo.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

7.-COMISIÓN DE SELECCIÓN

1. A Comisión de selección estará formada polos seguintes membros:

- Presidente: Antonio González Cantalapiedra, director veterinario do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesor titular de Universidade.
- Vogal 1º: María Luisa Suárez Rey. xefa de Servizo de Medicina Interna do HVU-RC e profesora titular de Universidade.
- Vogal 2º: German Santamarina Pernas, facultativo do Servizo de Medicina Interna do HVU-RC e profesor titular de Universidade.
- Secretario: Brais López Barro, técnico superior de Xestión da Universidade de Santiago de Compostela.

2. Os seus membros deberán absterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da LRXSP debendo facer manifestación expresa das causas que concorran.



3. A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer en representación ou por conta de ninguén.

4. Logo da convocatoria da persoa que actúe como presidente/a constituirase a comisión. Na sesión de constitución a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

5. A partir da súa constitución, a comisión, para actuar validamente, requirirá a asistencia presencial ou a distancia do presidente e do secretario, e da metade, polo menos, dos seus membros.

As comisións especializadas de selección poderán solicitar un informe experto externo para a valoración que formará parte do expediente.

8.-PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

FASE I

A selección dos candidatos farase salvaguardando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade pola correspondente Órgano de selección, o cal, á vista das solicitudes e currículos presentados así como dos criterios de baremación publicados, soamente valorará aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

As propostas do órgano de selección serán motivadas e recollerán a orde de prelación das persoas aspirantes seleccionadas. De ser o caso, e para asegurar a cobertura dos contratos, o órgano publicará así mesmo unha relación complementaria de aspirantes ordenada segundo a puntuación acadada. A vixencia das listas rematará coa finalización da actividade que dea lugar á súa elaboración.

O órgano poderá declarar deserta a selección dos contratos obxecto de convocatoria no caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos das persoas aspirantes mediante acordo suficientemente motivado que se incluírá na correspondente acta.

FASE II

Unha vez finalizada a actuación do órgano de selección a persoa que actúe como secretaria presentará o expediente a Xerencia da Fundación, que conterá;

- a) as solicitudes presentadas
- b) actas das diferentes reunións
- c) a proposta de selección e, se é o caso, a relación complementaria de persoas aspirantes ordenada pola puntuación acadada
- d) os recursos, se é o caso, que se presentasen contra as actuacións da comisión



O órgano de selección disporá de **7 días hábiles** para elevar a proposta de contratación á Xerencia e publicala na web da Fundación a contar desde a publicación da lista definitiva de aspirantes.

A resolución da Xerencia de selección publicárase na web da Fundación no prazo máximo de **3 días hábiles** a contar desde a recepción da proposta de selección e indicará o prazo para a persoa seleccionada formalice o contrato.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante a Xerencia, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso administrativo de Lugo.

O prazo máximo para resolver a convocatoria de selección será de 2 meses a contar desde a súa publicación.

9.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

Os contratos realizaranse de acordo co que se dispoña no anexo do contrato convocado, baixo a modalidade de Contrato formativo para a obtención da práctica profesional adecuada de acordo ao artigo 11.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

As persoas seleccionadas que estean en posesión dun título estranxeiro deberán entregar, **no momento de sinatura do contrato**, a solicitude para obter a declaración de equivalencia á titulación e nivel académico esixido para a convocatoria na que foron seleccionados, ou a homologación no suposto de títulos que habiliten para unha profesión regulada, de conformidade co Real decreto 889/2022, de 18 de outubro, polo que se establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de validación de ensinanza universitarias de sistemas educativos estranxeiros e polo que se regula o procedemento para establecer a correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores.

A retribución bruta dos contratos é a especificada, para cada caso concreto, no anexo da convocatoria. O contrato implicará ademais a alta no réxime xeral da Seguridade Social. Os importes contemplados poderán sufrir as variacións que establezan as normas que lles sexan de aplicación ou por causas sobrevenidas non previstas inicialmente.

10.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Fundación Rof Codina



11.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sxiilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

12.-INCOMPATIBILIDADES

Os contratos obxecto da convocatoria quedan sometidos, en canto ao seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

13.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os que figuran, para cada contrato en concreto, no anexo desta convocatoria.

14.-NOTIFICACIÓN ÁS PERSOAS ASPIRANTES

As publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven, que requiran publicación, para os efectos de notificación e de cómputo de prazos, realizaranse na páxina web da Fundación Rof Codina, única notificación válida.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 46 e 8.2 a) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que o ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo citado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ao abeiro do disposto no artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Lugo na data da sinatura electrónica.

Asdo: Antonio Javier Ferreira Fernández
Xerente da Fundación Rof Codina

RESOLUCIÓN DE LA GERENCIA DE LA FUNDACIÓN ROF CODINA M.P., POR LA QUE SE CONVOCA PROCESO DE SELECCIÓN, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, PARA LA CONTRATACIÓN DE PERSONAL VETERINARIO EN EL HVU-RC, MEDIANTE CONTRATO LABORAL EN FORMACIÓN PARA LA OBTENCIÓN DE LA PRÁCTICA PROFESIONAL.

De conformidad con el acuerdo del Patronato de la Fundación Rof Codina M.P., de 29/09/2022, de otorgamiento de poderes al gerente de esta, se convoca mediante esta resolución el proceso de selección mediante concurso de méritos para contratar personal que específicamente colabore en las actividades que figuran en el anexo de esta Resolución de la Gerencia, de acuerdo con las siguientes **bases**:

BASES DE LA CONVOCATORIA

1.- NORMAS GENERALES

Este proceso de selección se rige por lo dispuesto en la Ley 2/2015, de 29 de abril, de empleo público de Galicia, por lo dispuesto en el Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los trabajadores y, supletoriamente, por lo dispuesto en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas (en adelante, LPACAP) y en la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público (en adelante, LRXSP).

2.- OBJETO

El objeto de la presente convocatoria es la selección de personal para plazas de veterinarios/as en formación en el Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (en adelante, HVU-RC).

La forma de provisión será la de concurso de méritos, a través de la valoración de los criterios de baremación establecidos para cada plaza y que figuran en el Anexo.

3.-REQUISITOS DE LOS CANDIDATOS

Para ser admitidos los aspirantes, además de cumplir los requisitos específicos exigidos en el anexo de esta convocatoria, deberán poseer en el día de firma del contrato, y mantenerlos hasta la fecha de finalización, los siguientes requisitos de carácter general:

- a) Tener nacionalidad española o alguna otra de conformidad con el artículo 52 de la Ley 2/2015 del 29 de abril, de empleo público de Galicia, que permita el acceso al empleo público.
- b) Estar en posesión de la titulación y demás requisitos exigidos en la convocatoria para cada categoría en el momento de firma del contrato.
- c) Non haber sido despedido mediante expediente disciplinario de ninguna Administración pública o de los órganos constitucionales o estatutarios de las comunidades autónomas, ni



estar en la situación de inhabilitación absoluta o especial para el desempeño de empleos o cargos públicos por resolución judicial, cuando se tratase de acceder a la misma categoría profesional a la que pertenecía.

d) En el caso de nacionales de otros estados, no estar inhabilitado o en situación equivalente, ni haber sido sometido la sanción disciplinaria o equivalente que impida en el Estado de origen el acceso al empleo público en los términos anteriores.

e) Tener cumplidos dieciséis años.

f) Poseer las capacidades y aptitudes físicas y psíquicas que sean necesarias para el desempeño de las correspondientes funciones o tareas.

4.- PROCEDIMIENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

La presentación de las solicitudes se realizará únicamente por medios electrónicos a través de los formularios normalizados disponibles en la web de la Fundación Rof Codina: www.rofcodina.org. La documentación complementaria se presentará electrónicamente utilizando cualquier procedimiento de copia digitalizada del documento original. En este caso, las copias digitalizadas garantizarán la fidelidad con el original bajo la responsabilidad de la persona solicitante.

El **plazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles** contados a partir del siguiente al de la publicación de esta convocatoria.

5.-DOCUMENTACIÓN

Las solicitudes deberán ir acompañadas de la documentación que se indica, que deberá ser presentada a través de vía electrónica:

5.1.- Documento en formato PDF del currículum vitae, destacando los méritos que se establecen como criterios de valoración y que figuran, para cada plaza en concreto, en el anexo de la convocatoria. **Debe aportarse copia de los certificados y títulos justificativos de los méritos alegados en el currículum, incluida la experiencia laboral.** No se computarán los méritos no justificados.

5.2.- Declaración responsable en la que la persona interesada manifiesta bajo su responsabilidad que cumple los requisitos y que puede acreditarlos en la fecha fin de presentación de solicitudes.

5.3.- Copia de la certificación académica en la que consten las cualificaciones de los estudios para las plazas en las que se valore el expediente académico en los méritos.

La Universidad podrá requerir la exhibición de los documentos originales justificativos de los méritos y requisitos.

La inexactitud, falsedad u omisión de carácter esencial, de cualquiera dato o información en la declaración, así como la no presentación de la documentación cuando le sea requerida, determinará la exclusión del proceso de selección y/o la no formalización del contrato de trabajo, sin perjuicio de las responsabilidades penales, civiles o administrativas a que dé lugar.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Finalizado el plazo de presentación de solicitudes, el gerente de la Fundación Rof Codina dictará resolución en el plazo de los **2 días hábiles** siguientes al final del plazo de solicitudes, declarando aprobada la lista provisional de admitidos y excluidos, que se podrá consultarla página web de la Fundación Rof Codina, con indicación en este último caso de la causa/s de exclusión.

Las personas aspirantes excluidas, dispondrán de un plazo de **dos días hábiles**, contados a partir del día siguiente al de la publicación de la citada resolución, para poder **enmendar** los defectos o acompañar los documentos que motivaron su exclusión.

La enmienda se hará **ÚNICAMENTE** a través de vía electrónica.

Las personas aspirantes que, dentro del plazo señalado, no enmienden la exclusión o aleguen la omisión, justificando el derecho a ser incluidas en la relación de admitidos, serán definitivamente excluidos. Esta lista, cuya publicación se hará efectiva en el plazo de **2 días hábiles** a contar desde la finalización del plazo de solicitudes para presentar enmiendas, se podrá consultar web de la Fundación Rof Codina.

Contra la exclusión definitiva se podrá interponer recurso potestativo de reposición, en el plazo de un mes, ante la Gerencia, o bien recurso contencioso administrativo en el plazo de dos meses, contados a partir del día siguiente al de la publicación de esta, ante el juzgado de lo contencioso-administrativo de Lugo.

El hecho de figurar en la lista de admitidos no prejuzga que se les reconozca a las personas interesadas la posesión de los requisitos exigidos, que tendrán que acreditarse en su momento.

7.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

1. La Comisión de Selección estará formada por los siguientes miembros:

- Presidente: Antonio González Cantalapiedra, director veterinario del Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) y profesor titular de Universidad.
- Vocal 1º: María Luisa Suárez Rey, jefa de Servicio de Medicina Interna del Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) y profesora titular de Universidad.



- Vocal 2º: German Santamarina Pernas, facultativo del Servicio de Medicina Interna del HVU-RC y profesor titular de Universidad.
- Secretario: Brais López Barro, técnico superior de Gestión de la Universidad de Santiago de Compostela.

2. Sus miembros deberán abstenerse de intervenir cuando concurra en ellos alguna de las circunstancias previstas en el artículo 23.2 de la LRJSP debiendo hacer manifestación expresa de las causas que concurran.

3. La pertenencia a órganos de selección será siempre a título individual y no podrá ejercitar en representación o por cuenta de nadie.

4. Previa convocatoria de la persona que actúe como presidente/a se constituirá la comisión. En la sesión de constitución la comisión acordará todas las decisiones que le correspondan para el correcto desarrollo del proceso.

5. A partir de su constitución, la comisión, para actuar válidamente, requerirá la asistencia presencial o la distancia del presidente y del secretario, y de la mitad, al menos, de sus miembros.

Las comisiones especializadas de selección podrán solicitar un informe experto externo para la valoración que formará parte del expediente.

8.-PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

FASE I

La selección de los candidatos se hará salvaguardando los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad por el correspondiente órgano de selección, el cual, a la vista de las solicitudes y currículos presentados, así como de los criterios de baremación publicados, solamente valorará aquellos méritos obtenidos hasta la fecha en que finalice el plazo de presentación de solicitudes.

Las propuestas del órgano de selección serán motivadas y recogerán el orden de prelación de las personas aspirantes seleccionadas. De ser el caso, y para asegurar la cobertura de los contratos, el órgano publicará asimismo una relación complementaria de aspirantes ordenada segundo la puntuación obtenida. La vigencia de las listas finalizará con la finalización de la actividad que dio lugar a su elaboración.

El órgano podrá declarar desierta la selección de los contratos objeto de convocatoria en el caso de evidenciarse la inadecuación de los méritos de las personas aspirantes mediante acuerdo suficientemente motivado que se incluirá en la correspondiente acta.

FASE II

Una vez finalizada la actuación del órgano de selección la persona que actúe como secretaria presentará el expediente en la Gerencia de la Fundación, que contendrá;

- a) Las solicitudes presentadas
- b) actas de las diferentes reuniones
- c) la propuesta de selección y, si es el caso, la relación complementaria de personas aspirantes ordenada por la puntuación obtenida
- d) los recursos, si es el caso, que se presentasen contra las actuaciones de la comisión

La comisión especializada de selección dispondrá de **7 días hábiles** para elevar la propuesta de contratación a la Gerencia y publicarla en la web de la Fundación a contar desde la publicación de la lista definitiva de aspirantes.

La resolución de la Gerencia de selección se publicará la web de la Fundación en el plazo máximo de **3 días hábiles** a contar desde la recepción de la propuesta de selección e indicará el plazo para la persona seleccionada formalice el contrato.

Contra esta resolución se podrá interponer recurso potestativo de reposición, en el plazo de un mes, ante la Gerencia, o bien recurso contencioso administrativo en el plazo de dos meses, contados a partir del día siguiente al de la publicación de esta, ante el juzgado de lo contencioso-administrativo de Lugo.

El plazo máximo para resolver la convocatoria de selección será de 2 meses a contar desde su publicación.

9.-CARACTERÍSTICAS DE LOS CONTRATOS

Los contratos se realizarán de acuerdo con lo que se disponga en el anexo del contrato convocado, bajo la modalidad de Contrato formativo para la obtención de la práctica profesional adecuada de acuerdo con el artículo 11.3 del Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores.

Las personas seleccionadas que estén en posesión de un título extranjero deberán entregar, **en el momento de firma del contrato**, la solicitud para obtener la declaración de equivalencia a la titulación y nivel académica exigido para la convocatoria en la que fueron seleccionados, o la homologación en el supuesto de títulos que habiliten para una profesión regulada, de conformidad con el Real Decreto 889/2022, de 18 de octubre, por el que se establecen las condiciones y los procedimientos de homologación, de declaración de equivalencia y de convalidación de enseñanzas universitarias de sistemas educativos extranjeros y por el que se regula el procedimiento para establecer la correspondencia al nivel del Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior de los títulos universitarios oficiales pertenecientes a ordenaciones académicas anteriores.

La retribución bruta de los contratos es la especificada, para cada caso concreto, en el anexo de la convocatoria. El contrato implicará además el alta en el régimen general de la Seguridad

Social. Los importes contemplados podrán sufrir las variaciones que establezcan las normas que les sean de aplicación o por causas sobrevenidas no previstas inicialmente.

10.- NATUREZA DE LOS CONTRATOS

La contratación no implica ningún compromiso en cuanto a la posterior incorporación a la plantilla de personal de la Fundación Rof Codina

11.- RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

Las personas contratadas deberán mantener la confidencialidad de la actividad que realicen, así como guardar sigilo de todas las cuestiones y asuntos inherentes a la misma y de las que sea conocedor.

12.- INCOMPATIBILIDADES

Los contratos objeto de la convocatoria quedan sometidos, en cuanto a su régimen de incompatibilidades, a lo previsto en la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas.

13.- CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Los criterios de baremación que se tendrán en cuenta serán los que figuran, para cada contrato en concreto, en el anexo de esta convocatoria.

14- NOTIFICACIÓN A LAS PERSONAS ASPIRANTES

Las publicaciones detalladas en estas bases, así como la información de otros actos que de ella se deriven, que requieran publicación, a los efectos de notificación y de cómputo de plazos, se realizarán en la página web de la Fundación Rof Codina, única notificación válida.

Contra la presente resolución, que agota la vía administrativa, podrá interponerse recurso contencioso-administrativo ante el juzgado de lo contencioso-administrativo de Lugo en el plazo de dos meses a contar desde el día siguiente a su publicación, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 46 y 8.2 a) de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa.

No obstante, las personas interesadas podrán interponer recurso potestativo de reposición, en el plazo de un mes, ante el órgano que lo dictó. En este caso, no se podrá interponer el recurso contencioso-administrativo citado en tanto no se dicte resolución expresa o presunta del recurso de reposición, al amparo de lo dispuesto en el artículo 123 y siguientes de la Ley

39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común de las administraciones públicas.

En Lugo en la fecha de la firma electrónica.

Fdo: Antonio Javier Ferreira Fernández
Gerente de la Fundación Rof Codina



ANEXO

REFERENCIA DA PRAZA: T01_2025_1

DATOS DA ACTIVIDADE PARA A QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Contrato formativo para a obtención da práctica profesional adecuada en clínica de pequenos animais no Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC)
Centro de Traballo	Hospital Veterinario Universitario Rof Codina de Lugo (HVU-RC)
CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contrato formativo para a obtención da práctica profesional adecuada de acordo ao artigo 11.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
Número de prazas	4
Traballo a realizar	Atención Clínica de pequenos animais no HVU-RC
Funcións a realizar	Realizar coa correspondente supervisión as seguintes funcións: - Exercicio da profesión veterinaria con carácter exclusivo e no ámbito do HVURC, atendendo os casos que a dirección do hospital lle asigne e todos aqueles propios da área clínica. - Atención, seguimento e informe de todos aqueles casos clínicos que requiran a intervención do facultativo contratado. - Servizo de Atención Continuada, atendendo a gardas no HVU-RC. - Colaboración cos demais servizos hospitalarios segundo as directrices da Dirección Veterinaria e/ou da Dirección Xerencia do HVU-RC. - Integración nos grupos de investigación do HVU-RC.
Retribución mensual bruta	17.047,69 € anuais
Duración do contrato	12 meses
Data de inicio prevista*	A partir do día seguinte á data da resolución da Xerencia de selección
Xornada laboral	Tempo completo (35 horas semanais) de Luns a Domingo segundo as quendas marcadas.
Categoría laboral	Facultativo/a veterinario en formación
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS	
TITULACIÓN E REQUISITOS REQUIRIDOS	
- Grao en veterinaria con data de obtención, no momento de inicio do contrato, menor a 3 anos (5 no caso de persoas con discapacidade) - Ter menos de 3 meses de experiencia laboral como veterinario/a - Estar colexiado no correspondente Colexio Oficial de Veterinarios/as - Matricularse no curso de Diploma de Experto en Actividade asistencial hospitalaria en animais de compañía organizado pola Fundación Rof Codina e a USC.	



FASE I		
	Méritos	Puntuación máxima
Fase I: Méritos	Nota media do expediente académico de Veterinaria: -Atribuírase a puntuación máxima á mellor nota, atribuíndo ao resto de notas puntuación de modo proporcional á nota máxima.	50
	Formación práctica: Voluntariado, alumno/a colaborador/a, programa helper, internado, bolsas, prácticas extracurriculares ou situacións análogas en hospitais veterinarios universitarios. Prácticas extracurriculares en hospitais ou clínicas veterinarias -0,01 punto por hora acreditada mediante o correspondente certificado. Se este certificado non inclúe a duración da formación práctica, esta non se valorará.	15
	Cursos de formación relacionados coa praza impartidos por centros e organismos oficiais e aqueles que estean debidamente homologados: -Cursos recibidos: 0,02 puntos/hora -Asistencia a congresos, xornadas...: 0,01 puntos/hora -Cando existan distintos niveis do mesmo curso, só se valorará o de maior nivel -Nos cursos nos que non figure o número de horas, a puntuación farase polo mínimo de 4 horas por día de duración do curso	6
	Título oficial de idiomas diferentes dos oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia -Título nivel B2 ou equivalente: 0,50 punto por título - Título nivel C1 ou equivalente: 1 punto por título - Título nivel C2 ou equivalente: 1,50 punto por título	2
	Publicacións científicas no ámbito obxecto da praza: -Publicacións internacionais: 1 punto/publicación -Publicacións nacionais: 0,50 puntos/publicación -Comunicación a congreso internacional: 0,25 puntos/comunicación -Comunicación a congreso nacional: 0,15 puntos/comunicación	2
	Puntuación máxima valoración de méritos	75
	Entrevista	Puntuación máxima
Fase I: Entrevista persoal	Entrevista persoal: - Entrevistarase os/as candidatos/as coas 12 mellores puntuacións da fase de valoración de méritos - Os criterios para a valoración da entrevista son a claridade expositiva, a capacidade de resposta e a síntese desta.	25
	Puntuación máxima do proceso de selección	100



ANEXO

REFERENCIA DE LA PLAZA: T01_2025_1

DATOS DE LA ACTIVIDAD PARA LA QUE PRESTARÁ SERVICIOS	
Denominación	Contrato formativo para la obtención de la práctica profesional adecuada en clínica de pequeños animales en el Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC)
Centro de Trabajo	Hospital Veterinario Universitario Rof Codina de Lugo (HVU-RC)
CARACTERÍSTICAS DE LOS CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contrato formativo para la obtención de la práctica profesional adecuada de acuerdo al artículo 11.3 del Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores.
Número de prazas	4
Trabajo a realizar	Atención Clínica de pequeños animales en el HVU-RC
Funciones a realizar	Realizar con la correspondiente supervisión las siguientes funciones: • Ejercicio de la profesión veterinaria con carácter exclusivo y en el ámbito del HVU-RC, atendiendo los casos que la dirección del hospital le asigne y todos aquellos propios del área clínica. • Atención, seguimiento e informe de todos aquellos casos clínicos que requieran la intervención del facultativo/a contratado/a. • Servicio de Atención Continuada, atendiendo a guardias en el HVU-RC. • Colaboración con los demás servicios hospitalarios según las directrices de la Dirección Veterinaria y/o de la Dirección Gerencia del HVU-RC. • Integración en los grupos de investigación del HVU-RC.
Retribución bruta mensual	17.047,69 € anuales
Duración del contrato	12 meses
Fecha de inicio prevista*	A partir del día siguiente a la fecha de la resolución de la Gerencia de selección
Jornada laboral	Tempo completo (35 horas semanales) de lunes a domingo según los turnos marcados.
Categoría laboral	Facultativo/a veterinario en formación
REQUISITOS E MERITOS DE LOS CANDIDATOS/AS	
TITULACIÓN Y REQUISITOS REQUERIDOS	
• Grado en veterinaria con fecha de obtención, en el momento de inicio previsto del contrato, menor a 3 años (5 en el caso de personas con discapacidad) • Ter menos de 3 meses de experiencia laboral como veterinario/a • Estar colegiado en el correspondiente Colegio Oficial de Veterinarios/as • Matricularse en el curso Diploma de Experto de Actividad asistencial hospitalaria en animales de compañía organizado por la Fundación Rof Codina y la USC.	

FASE I		
	Méritos	Puntuación máxima
Fase I: Méritos	Nota media do expediente académico de Veterinaria: -Se atribuirá la puntuación máxima a la mejor nota, atribuyendo al resto de notas puntuación de modo proporcional a la nota máxima.	50
	Formación práctica: Voluntariado, alumno/a colaborador/a, programa helper, internado, becas, prácticas extracurriculares o situaciones análogas en hospitales veterinarios universitarios. Prácticas extracurriculares en hospitales o clínicas veterinarias -0,01 punto por hora acreditada mediante el correspondiente certificado. Si este certificado no incluye la duración de la formación práctica, esta no se valorará.	15
	Cursos de formación relacionados con la plaza impartidos por centros y organismos oficiales y aquellos que estén debidamente homologados: -Cursos recibidos: 0,02 puntos/hora -Asistencia a congresos, jornadas...: 0,01 puntos/hora -Cuando existan distintos niveles del mismo curso, sólo se valorará el de mayor nivel -En los cursos en los que no figure el número de horas, la puntuación se hará por el mínimo de 4 horas por día de duración del curso	6
	Título oficial de lenguas distintas de las oficiales en la Comunidad Autónoma de Galicia -Título nivel B2 o equivalente: 0,50 punto por título - Título nivel C1 o equivalente: 1 punto por título - Título nivel C2 o equivalente: 1,50 punto por título	2
	Publicaciones científicas en el ámbito objeto de la plaza: -Publicaciones internacionales: 1 punto/publicación -Publicaciones nacionales: 0,50 puntos/publicación -Comunicación a congreso internacional: 0,25 puntos/comunicación -Comunicación a congreso nacional: 0,15 puntos/comunicación	2
	Puntuación máxima valoración de méritos	75
	Entrevista	Puntuación máxima
Fase I: Entrevista personal	Entrevista persoal: Se entrevistarán los/as candidatos/as con las 12 mejores puntuaciones de la fase de valoración de méritos Los criterios para la valoración de la entrevista son la claridad expositiva, la capacidad de respuesta y la síntesis de ésta.	25
	Puntuación máxima del proceso de selección	100